



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com

CHANTADA

Anuncio

Licitación.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/07/2015, aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a seguinte licitación:

1.- Entidade adxudicadora.

- a.- Organismo: Concello de Chantada.
- b.- Dependencia tramitadora: Secretaría.
- c.- Expediente

2.- Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: "CONTRATACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO DE DECORACION E MOBILIARIO DO CENTRO DE DÍA DE CHANTADA".
- b) División por lotes: Non.
- c) Prazo de entrega: 20 días naturais.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto.

4.- Presuposto base de licitación.

- a) Presuposto: 100.062,36 € (IVE excluído)
- b) IVE 21%: 21.013,10 €
- c) 121.075,46 € (IVE engadido)

5.- Garantía definitiva.

- a) Contía: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6.- Obtención de documentación e información.

- a) Perfil do contratante: www.concellodechantada.org
- b) Entidade: Concello de Chantada.
- c) Dirección: Praza de España, 1 - 27500 - Chantada.
- d) Teléfono: 982 44 00 11.

7.- Presentación de ofertas.

- a) Data límite de presentación: 13 días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no prego de cláusulas administrativas.
- c) Lugar e forma de presentación: As proposicións deberán presentarse no Rexistro xeral de entrada do Concello de Chantada, C.P. 27500 - Praza de España, 1 - Chantada, en horario de 09:00 a 14:00 horas. Si o último día do prazo finaliza en festivo entenderase prorrogado ó inmediato hábil seguinte.
Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e a hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante fax (número 982 46 21 02) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, ésta non será admitida en ningún



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com

caso.

8.- Apertura de ofertas.

a) Ás 13:00 horas do seguinte día hábil a aquel no que se cumpra o prazo de exposición pública no BOP de Lugo, fixado no presente anuncio.

9.- Criterios bases para a adxudicación.

a) Criterios recollidos na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas.

10.- Gastos de anuncios.

a) Serán por conta do licitador que resulte adxudicatario ata o límite máximo de 600,00 euros.

Chantada, 22 de xullo de 2015.-

O Alcalde, P.D.

(Decreto 199/2015)

José Castor Novoa Fernández.